

# PLANIFICACIÓN DA PRODUCCIÓN NA IXP TERNERA GALLEGA



## Introdución

Historicamente, desde xa fai moitos anos, existe unha descompensación de carácter estacional entre a oferta de carne amparada pola IXP Ternera Gallega e a súa demanda. Nos meses finais do inverno, fundamentalmente en febreiro e marzo e os primeiros meses da primavera, que coinciden cos meses de menor consumo de carne de vacún, hai un maior número de animais para sacrificio, é dicir un exceso de oferta. As consecuencias son unha baixada xeralizada de prezos e o problema engadido da saturación do mercado, co conseguinte

desequilibrio entre a produción e a comercialización. Esta situación invertece durante os meses de verán, época na que a maior demanda de carne coincide temporalmente coa súa menor oferta, xa que hai un déficit de animais para sacrificio. É certo que os prezos melloran, pero a consecuencia negativa desta situación é a perda de mercados debido á imposibilidade do seu abastecemento.

A planificación da produción das ganderías, e en particular unha axeitada programación dos partos, é a solución que permitiría regularizar a produción e resolver estes problemas, a través


dun correcto manexo do rabaño, así como o coñecemento das características reprodutivas e de alimentación das femias das ganderías inscritas na IXP Ternera Gallega, que sustentan a produción de carne certificada.

## Situación actual.

### Evolución dos nacementos.

Hai datos que avalan estas tendencias dos nacementos nas explotacións gandeiras inscritas na IXP Ternera Gallega. Así, no Gráfico 1, móstrase unha evolución dos nacementos por meses nos anos 2007, 2008 e 2009, onde se aprecia que o maior porcen-

Gráfico 1



taxe de tenreiros nados dáse na primavera, nos meses de marzo, abril e maio, con arredor de 11.000 tenreiros por mes, aproximadamente 33.000 no trimestre. Contrastan cós meses de outono, onde nacen arredor dos 6.500 por mes, 20.000 no trimestre. Os meses de setembro, outubro e novembro, son os de menos nacementos, é dicir, na parideira de outono diminúe de xeito moi significativo o número de becerros (un 40% menos)

Estes datos son parellos aos achegados por técnicos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, en control de partos realizados en zonas de montaña de Lugo e Coruña. Naqueles rabaños que se cobren todo o ano, os partos tenden a concentrarse na primavera (Taboa 1). Nos meses de xaneiro a xuño acumúlanse máis do 68% dos nacementos (Montserrat, L e col), principalmente en marzo, abril e maio.

**Situación de mercado**

Estas circunstancias van dar dúas situacións de mercado, tendo en conta que o sacrificio dos tenreiros amparados pola IXP Ternera Gallega acontece cunha idade media arredor

**Taboa 1.- Distribución de partos rexistrados en explotacións extensivas con monta natural durante todo o ano.**

EXPLOTACIÓNS	Xaneiro Marzo	Abril Xuño	Xullo Setembro	Outubro Decembro
Montaña Coruña	20.57%	54.61%	19.86%	4.96%
Montaña alta Lugo	36.36%	38.64%	4.55%	20.45%
Montaña Lugo	28.43%	40.20%	10.78%	20.59%
Interior Lugo	23.00%	35.00%	23.00%	19.00%
PORCENTAXE DO TOTAL	25.06%	43.93%	16.54%	14.47%


dos 9 meses. A primeira situación de mercado é que os animais que nacen na primavera, saíran ao mercado entre finais de xaneiro ata o mes de abril do ano seguinte, que coincide coa época de menor demanda de carne, sobre todo en Galicia, pero tamén noutras zonas. Esta problemática fai que historicamente se sature o mercado, cun exceso de oferta, e consecuentemente o prezo do gando vacún nestes meses baixa significativamente, (Gráfico 2).

Esta situación conleva a realización por parte das industrias de ofertas en prezo, co fin de intentar darlle saída a ese gran número de tenreiros. Así mesmo a Denominación acostuma programar campañas de promoción

e de publicidade, co fin de apoiar a venda e incentivar o consumo de carne. Estas campañas permiten obter resultados positivos puntualmente, sobre todo por que aumenta a notoriedade de Ternera Gallega, estímula-se a súa compra pól os consumidores, ábreanse novos mercados e ampliáanse e consolidáanse os xa existentes. Pero aínda así, é moi difícil evitar a saturación do mercado e lograr a recuperación dos prezos.

A segunda situación de mercado é practicamente a contraria. Os animais da parideira de outono, que van saír ao mercado nos meses de maior consumo de carne de vacún, o verán, son insuficientes para cubrir a demanda de carne amparada

**Gráfico 2**



por Ternera Gallega. As consecuencias inmediatas son que os prezos soben nesta época, pero esta situación favorable o mercado é capaz de aceptala parcialmente ata un tope de prezo. A partir de ese tope de prezo o mercado recorre a carnes alternativas. Polo tanto, a escaseza de gando que temos nos meses de verán para fornecer os mercados xa consolidados, conxuntamente co maior prezo ao que hai que pagar os tenreiros, propicia que rapidamente o lugar que ocupa Ternera Gallega na distribución alimentaria poida ser parcialmente substituído por outras carnes de inferior prezo e con capacidade suficiente de subministro, proveñente doutras zonas produtoras de España e de países exteriores.

Dende o punto de vista comercial, sempre é difícil e complexo penetrar nun novo mercado e mantelo, pero máis difícil é recuperalo se se perde por unha cuestión de falla de subministro estacional.

### Variacións nos prezos de venda

Outro factor importante e que nos ten que facer reflexionar, é o económico, ou sexa, os prezos aos que se venden os tenreiros nas distintas épocas do ano. Se observamos os prezos medios de varias categorías nos últimos anos, estes descendem moi significativamente nos meses de maior oferta (inverno e primavera), e aumentan nos meses de verán (Gráfico 2).

**As diferencias de prezo**, para a mesma categoría, poden variar entre 0,30 a 0,60 € kg/canal, de vender nunha estación ou noutra. Estas variacións poden supoñer uns ingresos medios de entre 80 ata 160 € máis por tenreiro, dependendo do peso e categoría. Pero a esta ganancia individual, temos que engadirille como contrapartida que a gran maioría de animais das explotacións galegas, máis do 60%, saen ao mercado cando os prezos son máis baixos. A situación debería ser ao revés: comercializar o 60% dos animais na época de mellores prezos (2º semestre do ano) para conseguir unha melloría global dos prezos do gando amparado pola IXP.

A situación actual provoca unha importante perda de ingresos na economía das explotacións, a ademais crea situacións de desánimo nos produtores nos períodos de baixa venda. Así mesmo, desvirtúa as situacións de mercado, creando excesos nunhas épocas onde non hai demanda, e provocando desabastecemento noutras.

### SOLUCIÓNS

Ante esta situación, que non é nova, a IXP Ternera Gallega leva tempo traballando e incidindo na necesidade de aumentar os partos de outono e diminuír os de primavera. As explotacións con vacas nutrices deben facer un esforzo para que o seu rabaño, en definitiva a súa produción, se adecúe á demanda. En definitiva, a planificación dos partos é a solución que permite atallar este problema a través dun correcto manexo do rabaño.

Tamén o que se quere transmitir neste artigo é que non se trata de pasar de súpeto toda a parideira para as épocas que vimos comentando: nin é doado tecnicamente nin tampouco e recomendable economicamente. **O óptimo é ir derivando unha parte do rabaño para a parideira de outono**, e para logralo pode haber unha combinación tanto vía xovencas como vía vacas. Para elo debemos ter en conta aspectos reproductivos que afectan ás distintas idades das femias reproductoras, así como aspectos relacionados coa alimentación e manexo tanto das vacas coma dos propios tenreiros.

### Aspectos reproductivos

As razas de aptitude cárnica, fundamentalmente en Galicia a raza Rubia Gallega, son poliéstricas continuas; o que quere dicir que se pode conseguir que queden xestantes en calquera estación do ano. Nembargantes, conservan algúns trazos de estacionalidade reproductiva, polo que os partos tenden a producirse maioritariamente en primavera e verán.

A recuperación da capacidade reproductiva da raza Rubia Gallega, logo do parto, tamén sofre variacións estacionais, xa que os animais que paren entre maio e novembro teñen un intervalo parto-primeira ovulación máis curto que os que paren entre decembro e abril. Este efecto é máis acusado nas primíparas que nas múltíparas. A idade do primeiro parto é un factor importante para lograr un correcto desenvolvemento corporal das nais. A duración da xestación está arredor dos 291 días, lixeiramente máis longa do habitual, polo que hai que telo en conta á hora de programar a cubrición.

### Manexo de xovencas

Un xeito de ir derivando unha parte do rabaño a unha parideira de outono, é empregar as xovencas para tal fin, sempre que a súa idade reproductiva sexa axeitada. Normalmente en Galicia, téndese en moitas zonas e ganderías a empreñar as xovencas moi novas, a partir dos 13 e 14 meses. A recomendación é que a xovenca teña máis do 65% do peso do adulto, arredor dos 16 meses de idade, momento



no que deberían ser inseminadas. Así, no momento do parto, ós 25-26 meses, terán un desenvolvemento corporal óptimo que evite problemas.

É aconsellable que as xovencas dunha mesma explotación estean agrupadas en lotes homoxéneos, segundo a idade, para evitar que as vacas lles quiten alimento. As xovencas deberán ser inseminadas 20 ou 30 días antes da estación reproductiva porque o postparto vai ser máis longo que o das vacas (Herradón, P.).

As xovencas implican un mínimo de 2 anos sen producir rendemento económico (tenreiros), o que pode determinar unha actitude negativa cara elas por parte do gandeiro, derivando, nalgúns casos, nunha alimentación deficiente, cando precisamente estas necesitan unha maior atención que as vacas, xa que as súas necesidades nutritivas son maiores. Isto repercute negativamente no desenvolvemento corporal da xovenca e provoca un posible retraso na puberdade, así como un deficiente desenvolvemento corporal no momento do parto, determinante de distocias por desproporción feto-maternal, incremento da incidencia das patoloxías propias do postparto e diminución da duración da vida productiva na explotación (Becerra, J e col).

### Manexo do rabaño

Para acadar o obxectivo de que unha maior parte dos partos da explotación se concentren na época de outono é necesario:


a) Fixar unha estación reproductiva e acadar que as vacas queden xestantes na mesma (meses de decembro, xaneiro e febreiro, a poder ser).

b) Manter a estacionalidade ó longo do tempo, cun intervalo dun ano entre partos consecutivos.

No caso da Rubia Gallega só dispoñemos de entre 70 a 80 días dende o parto ata que a vaca esta xestante de novo. Para manter a estacionalidade reproductiva débese prestar moita atención ó postparto, que é a etapa máis delicada do ciclo reproductivo.

No gráfico 3 móstrase un **calendario de cubricións e partos**. A época axeitada de cubrición, ben sexa en monta

Gráfico 3. Calendario de reprodución: Cubricións e Partos



natural ou vía inseminación, comezaría no mes de decembro, no caso das vacas, un mes antes se son xovencas, e remataría no mes de febreiro. Esta situación levaría a que, o **período de partos** estaría comprendido de setembro a novembro, aproximadamente.

### Alimentación

Un dos aspectos máis importantes á hora de planificar a reprodución do rabaño, é analizar as necesidades de alimentación tanto das vacas como dos tenreiros. Outro dos argumentos polo que se aconsella que a maioría dos partos teñen que ser na parideira de outono, é ter en conta o ciclo vexetativo dos recursos forraxeiros da explotación e o seu máximo aproveitamento.

O feito de que na actualidade máis da metade dos partos sexan de marzo a maio, implica que os tenreiros en primavera, en explotacións que teñen sistemas de manexo en extensivo e semiextensivo, non aproveitan o pasto de calidade, ou ben por que non naceron, ou por que son aínda moi novos. No verán, con máis de 3 meses de idade, aumenta a súa necesidade de alimentos de calidade, pero a seca baixa a dixestibilidade dos forraxes así como a produción de leite da vaca.

Pola contra, a concentración de máis partos en outono é unha medida axeitada, xa que o tenreiro terá ganancias de pesos altas, debido a que se pode

facer coincidir o período de máxima necesidade en alimentos dos tenreiros e das vacas coa estación máis productiva. A finais de outono e no inverno a vaca, alimentada con herba seca e silo, produce cantidades moderadas de leite ao inicio da lactación. Logo aumenta a súa produción coa saída ao pasto; en consecuencia o tenreiro non ten problemas por falta de leite a partir dos tres meses de idade en que aumentan as súas necesidades. Este mesmo caso é aplicable a explotacións máis tradicionais, onde o tenreiro está acortellado, pero a base da alimentación das vacas é o pasto e os recursos forraxeiros.

### Conclusións

A produción de carne de vacún de calidade Ternera Gallega, ten que ir adaptándose a un mercado cada vez máis existentes. Non se pode deixar ao azar os criterios reproductivos do rabaño. **É fundamental que as ganderías orienten unha parte dos nacementos de primavera cara ao outono.** Con elo conseguiranse varios obxectivos: ter unha produción regular, para abastecer os mercados actuais sen problemas de subministro, consolidar a posición de Ternera Gallega nos mesmos e abrir outros novos: e sobre todo, que os gandeiros obteñan con este esforzo unha saída garantida para o seu gando e con mellores prezos.

# Planifica a produción da túa GANDERÍA



Realiza unha axeitada programación dos partos.



Consulta a planificación co teu veterinario.

- 🔪 Para unha mellor comercialización, debemos **planificar e programar os partos** do rabaño.
- 🔪 A planificación é fundamental para ter unha produción regular, co fin de acadar mellores prezos e consolidar a posición de Ternera Gallega no mercado.



Para máis información, consulta na páxina web [www.terneragallega.com](http://www.terneragallega.com) ou chama ao teléfono de Ternera Gallega **981.575.786**



Eu Quéro 